

ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA SOBRE A COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLA ASISTENCIA LETRADA GRATUÍTA

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021.

REUNIDOS

Dunha banda, D. **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra banda, Dña. **Pilar López-Guerrero Vázquez**, presidenta do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2º.2.1, dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

EXPOÑEN

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obterem a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, fóronlle transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, entre os que se atopa o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

O 20 de outubro de 2017, a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega asinaron un Acordo coa finalidade de establecer o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2021.

Unha vez rematado o período de vixencia do Acordo asinado o 20 de outubro de 2017, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Consello da Avogacía Galega iniciaron un proceso de consultas con base no artigo 39 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas.

Froito das ditas negociacións é o acordo reflectido no presente documento, que entrará en vigor no último trimestre de 2021 e terá unha vixencia ata o 30 de setembro de 2025.

Dado que a tramitación dos pagamentos aos colexios para indemnizar pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas levados a cabo por avogados se realiza a trimestre vencido tras a xustificación daqueles, a anualidade económica para os efectos deste acordo é a comprendida polo último trimestre dun ano e os tres primeiros trimestres do ano seguinte, de modo que o horizonte temporal do presente documento comprende catro destas anualidades.

Así, o acordo acolle nos tres primeiros anos de vixencia a suba que reflecte o anexo, para logo, para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, actualizarse as cantidades mediante a aplicación da variación do índice galego de prezos ao consumo (IPC) do ano anterior.

En consecuencia, adóptanse os seguintes

ACORDOS

Primeiro. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo, logo dos trámites que correspondan, realizará as actuacións precisas para:

- a) Establecer, con vixencia desde o 1 de outubro de 2021 e ata o 30 de setembro de 2024, os módulos e bases da indemnización polos servizos contidos no anexo deste instrumento.

b) Os ditos módulos e bases actualizaranse conforme o IPC galego do ano 2023 na anualidade económica comprendida entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro do ano 2025, data da finalización temporal deste acordo.

Segundo. Unha vez que remate o período de vixencia do presente Acordo, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo abrirá un novo proceso de consultas coa avogacía, a través das súas institucións colexiais, para a revisión e actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas.

De conformidade con canto antecede, subscriben o presente documento no lugar e coa data indicados.

O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

A presidenta do Consello da Avogacía
Galega,

Alfonso Rueda Valenzuela

Pilar López-Guerrero Vázquez

ANEXO

MÓDULOS E BASES DA INDEMNIZACIÓN POLO SERVIZO

		Módulos e bases de indemnización		
		Dende o 1/10/2021 ata o 30/09/2022	Dende o 1/10/2022 ata o 30/09/2023	Dende o 1/10/2023 ata o 30/09/2024
Asistencia ao detido ou preso				
Código	Denominación			
101	Asistencia individualizada, incluída a presenza inmediata solicitada polo detido ou preso sen declaración posterior, a requirimento xudicial ou do centro de detención.	122,46 €	127,58 €	131,00 €
Xurisdición penal				
201	Procedemento ante o tribunal do xurado	521,27 €	528,91 €	534,00 €
202	Asistencia diaria á vista ante o tribunal do xurado a partir do segundo día	124,02 €	125,81 €	127,00 €
203	Procedemento ordinario por delito	495,06 €	502,22 €	507,00 €
204	Procedemento abreviado de especial complexidade (causa de máis de 1000 folios)	495,06 €	502,22 €	507,00 €
206	Procedemento penal abreviado	382,95 €	402,18 €	415,00 €
207	Procedemento de axuízamento rápido de delitos sen conformidade	388,03 €	404,21 €	415,00 €
208	Procedemento de axuízamento rápido de delitos con conformidade	257,01 €	267,80 €	275,00 €
209	Procedemento para o xuízo sobre delito leve	161,83 €	164,33 €	166,00 €
2010	Menores. Proceso terminado con sentenza	262,55 €	273,62 €	281,00 €
2011	Menores. Proceso con outras formas de terminación	187,54 €	190,21 €	192,00 €
2012	Recurso ante o xulgado de vixilancia penitenciaria con intervención preceptiva ou designación de avogado por requirimento xudicial, conforme o artigo 21 da Lei de asistencia xurídica gratuíta	174,87 €	182,15 €	187,00 €
2015	Recursos de apelación a sentenzas e autos finais ou admitidos en ambos efectos. Proceso por delito	174,87 €	182,15 €	187,00 €
2016	Recursos de apelación. Procedemento sobre delitos leves	135,61 €	137,64 €	139,00 €

2017	Defensa xurídica inmediata da muller en dilixencias policiais, aínda que non presente denuncia, e procedementos administrativos que traian causa directa ou indirecta de violencia de xénero	122,46 €	127,58 €	131,00 €
2018	Comparecencia xudicial da orde de protección	122,46 €	127,58 €	131,00 €
2019	Por cada beneficiario do dereito á asistencia xurídica gratuíta adicional no mesmo procedemento, a partir de tres investigados	10 % ⁽¹⁾	10 % ⁽¹⁾	10 % ⁽¹⁾
2020	Saídas para entradas e rexistros domiciliarios	20,00 €	20,00 €	20,00 €

Xurisdición civil

Código	Denominación			
301	Procedemento ordinario	375,08 €	380,43 €	384,00 €
302	Xuízo verbal	250,05 €	253,62 €	256,00 €
303	Proceso contencioso de familia completo	388,03 €	404,21 €	415,00 €
304	Proceso de familia de mutuo acordo	250,05 €	253,62 €	256,00 €
305	Medidas provisionais previas e coetáneas en procesos de familia	115,95 €	127,54 €	135,27 €
306	Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	375,32 €	399,13 €	415,00 €
307	Proceso sobre filiación ou sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade, agás os internamentos do artigo 763 da Lei de axuízamento civil	292,93 €	322,22 €	341,75 €
308	Monitorio	124,02 €	125,81 €	127,00 €
309	Actuación nun proceso como contador partidor	271,22 €	275,29 €	278,00 €
3010	Proceso de división xudicial de patrimonios	250,05 €	253,62 €	256,00 €
3011	Execucións de títulos xudiciais con oposición ⁽²⁾ e as posteriores a dous anos	197,04 €	205,41 €	211,00 €
3012	Cambiario e execución de títulos non xudiciais	187,54 €	190,21 €	192,00 €
3013	Expedientes de xurisdición voluntaria e internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico	187,54 €	190,21 €	192,00 €
3014	Recursos de apelación a sentenzas e autos finais ou admitidos en ambos efectos	174,87 €	182,15 €	187,00 €
3015	Ampliación da demanda en execucións de familia (máximo 1 por ano)	30 % ⁽³⁾	30 % ⁽³⁾	30 % ⁽³⁾

Xurisdición contencioso-administrativa

Código	Denominación			
401	Recurso contencioso-administrativo. Procedemento ordinario	375,08 €	380,43 €	384,00 €

402	Recurso contencioso-administrativo. Procedemento abreviado	250,05 €	253,62 €	256,00 €
403	Vía administrativa (estranxeiría e asilo)	124,02 €	125,81 €	127,00 €
404	Recursos de apelación a sentenzas e autos finais ou admitidos en ambos efectos	174,87 €	182,15 €	187,00 €
405	Entrada en domicilio	116,96 €	118,78 €	120,00 €

Xurisdición social

Código	Denominación			
501	Procesos da xurisdición social (ordinarios e especiais)	289,76 €	301,90 €	310,00 €
502	Recursos de suplicación	174,87 €	182,15 €	187,00 €

Xurisdición militar

Código	Denominación			
601	Proceso íntegro	234,42 €	237,77 €	240,00 €

Recursos de casación e amparo

Código	Denominación			
701	Recurso de casación	375,08 €	380,43 €	384,00 €
702	Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio	114,44 €	115,98 €	117,00 €
703	Recurso de amparo	375,08 €	380,43 €	384,00 €

Actuacións extraprocesuais

Código	Denominación			
801	Transaccións extraxudiciais	75 % ⁽⁴⁾	75 % ⁽⁴⁾	75 % ⁽⁴⁾
802	Informe motivado da insostibilidade da pretensión	83,19 €	84,27 €	85,00 €
803	Desistencia previa ao proceso por pasividade da persoa axuizable, estudo e preparación do asunto previos á presentación da demanda	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾

Normas xerais

Código	Denominación			
901	Achantamento	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾
902	Execución de sentenza posterior aos dous anos de ditada a resolución xudicial, agás na xurisdición civil	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾	30 % ⁽⁴⁾
903	Saídas a centros de prisión e centros de internamento de menores en réxime pechado (máximo de dúas saídas por proceso)	31,26 €	31,70 €	32,00 €

904	Desprazamentos para a asistencia a xuízo oral (avogados con despacho oficial nun partido xudicial distinto ao da sede do xulgado do penal ou da audiencia provincial)	44,85 €	46,74 €	48,00 €
905	Medidas cautelares e dilixencias preliminares	104,36 €	105,94 €	107,00 €
906	Reconvención	124,02 €	125,81 €	127,00 €

- (1) *sobre o módulo do procedemento ata o límite do 50% de dito módulo*
- (2) *para execucións con oposición presentadas con data posterior ao 1 de outubro de 2021*
- (3) *sobre o módulo da execución*
- (4) *sobre o módulo aplicable ao procedemento*